Universidade de Vigo

Servizo de Apoio
á Investigación
e Desenvolvemento

Sección de Recursos Humanos de I+D

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813599
Fax 986 813 919

www.uvigo.es
seccion.rrhh.investigacion@uvigo.es

# TITORIAL PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES DE AXUDAS PREDOUTORAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO - CONVOCATORIA 2020

Tal e como establece a base sétima da convocatoria de axudas predoutorais da Universidade de Vigo (R.R. 30/07/2020), as solicitudes deben tramitarse a través do Sistema Unificado de Xestión de Investigación, de agora en adiante SUXI, para o que se deben seguir os pasos sinalados neste titorial.

**É responsabilidade da persoa que presenta a súa solicitude de axudas predoutorais ler as bases da convocatoria co gallo de cumprir todos os requirimentos que se sinalan nela.**

## 1. ACCESO Á SECRETARÍA VIRTUAL

O acceso ao SUXI realízase a través da secretaría virtual: https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/




Calquera persoa que teña conta na secretaría virtual pode acceder ao SUXI. Teñen conta en secretaría virtual todas as persoas que teñan algunha vinculación coa Universidade de Vigo ou, entre outros casos, aquelas persoas externas que teñen feita a súa preinscrición nun programa de doutoramento.
Na propia portada de Secretaría virtual hai unha opción para crear unha conta.

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813599
Fax 986 813 919

www.uvigo.es
seccion.rrhh.investigacion@uvigo.es




Unha vez dentro, o acceso ao SUXI aparecerá na banda superior como «Accesos rápidos»




Non é necesario estar de alta no SUXI para poder presentar unha solicitude de axuda predoutoral da Universidade de Vigo.

UniversidadeVigo

Servizo de Apoio
á Investigación
e Desenvolvemento

Sección de Recursos Humanos de I+D

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813599
Fax 986 813 919

www.uvigo.es
seccion.rrhh.investigacion@uvigo.es

## 2. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE

O acceso á solicitude para axudas predoutorais propias da Universidade de Vigo realizarase a través do módulo «SUXI - CAX 3.0 Convocatorias de axuda»




A convocatoria seleccionada debe ser: PREUVIGO-20. Axudas predoutorais propias da Universidade de Vigo.




A continuación débese premer na lapela «CREAR SOLICITUDE» para comezar a completala.



Universidade de Vigo

Servizo de Apoio
á Investigación
e Desenvolvemento

Sección de Recursos Humanos de I+D

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813599
Fax 986 813 919

www.uvigo.es
seccion.rrhh.investigacion@uvigo.es

Na pantalla que aparece a continuación débense encher os datos solicitados da persoa que presenta a súa candidatura, salvo que xa aparezan por estar de alta en SUXI con anterioridade.




Unha vez finalices de encher os datos solicitados, nome e apelidos máis o enderezo electrónico, aparecerá a opción «INSCRIBIR BORRADOR», debes pinchar nel para iniciar a elaboración da solicitude.



Servizo de Apoio
á Investigación
e Desenvolvemento

Sección de Recursos Humanos de I+D

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813599
Fax 986 813 919

www.uvigo.es
seccion.rrhh.investigacion@uvigo.es

O seguinte paso é premer na lapela «REQUIRIMENTO» e sinalar o tipo de solicitante.

Edición Solicitud **PREUVIGO-20** **.Axudas predoutorais propias da Universidade de Vigo.**

**En Elaboración**

XERAR RESGARDO | ABANDOAR EDICIÓN | VOLTAR

DATOS XERAIS | REQUIRIMENTO | CRITERIO DE VALORACIÓN | ACTIVIDADE | DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

FINALIZAR EDICIÓN DA LAPELA | GARDAR

| CÚMPRESE | DESCRIPCIÓN DO REQUIRIMENTO |
|---|---|
| ☐ | 1. Alumnado matriculado nun programa de doutoramento. |
| ☐ | 1.1. Cupo xeral. As persoas solicitantes deberán cumprir os requisitos previstos na base quinta da convocatoria de axudas. |
| ☐ | 1.2. Cupo discapacidade.As persoas solicitantes deberán cumprir os requisitos previstos na base quinta da convocatoria de axudas e ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% |

Antes de pasar á seguinte lapela débese premer sempre en «FINALIZAR EDICIÓN DA LAPELA». De non finalizar a edición de todas as lapelas non se poderá xerar o resgardo de solicitude.

Na lapela «CRITERIOS DE VALORACIÓN» débense subir os documentos requiridos segundo o establecido na convocatoria dependendo de que se proceda de universidades españolas ou de universidades estranxeiras. Os dous primeiros criterios só é necesario marcalos.

**En Elaboración**

XERAR RESGARDO | ABANDOAR EDICIÓN | VOLTAR

DATOS XERAIS | REQUIRIMENTO | CRITERIO DE VALORACIÓN | ACTIVIDADE | DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

FINALIZAR EDICIÓN DA LAPELA | GARDAR

1. Todas as persoas solicitantes.

1. 1. ☑ Non posuír o título de doutora ou doutor.

1. 2. ☑ Non gozar nin ter gozado dunha axuda á etapa predoutoral de calquera modalidade ( FPU, FPI, Xunta de Galicia, UVigo ou equivalentes).

1. 3. Se é o caso, acreditación de estar incursa nalgunha das circunstancias excepcionais sinaladas na base 5.c) da convocatoria de axudas.

1. 4. Acreditación de posuír un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% no caso das persoas que se presenten polo cupo de discapacidade.

1.5. Méritos obtidos entre 2017-2020 acreditados conforme ao especificado no anexo II da convocatoria.

- Capítulos
- Artigos

Universidade de Vigo

Servizo de Apoio
á Investigación
e Desenvolvemento

Sección de Recursos Humanos de I+D

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813599
Fax 986 813 919

www.uvigo.es
seccion.rrhh.investigacion@uvigo.es

Para engadir a documentación acreditativa necesaria débese pinchar no clip. A documentación estará achegada cando o clip apareza en cor verde.




Non esquezas pinchar en «FINALIZAR EDICIÓN DA LAPELA»

Na lapela «ACTIVIDADE» introduciranse os méritos que sexan acordes coas bases da convocatoria.




Por un lado, poderán seleccionarse os méritos que, de ser o caso, se teñan introducido no SUXI elixindo o tipo en cada unha das pestanas.



Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813599
Fax 986 813 919

www.uvigo.es
seccion.rrhh.investigacion@uvigo.es

Débese pinchar no recadro para que apareza en verde.




Esta opción só é posible para as persoas que estean dadas de alta no SUXI con anterioridade e teñan méritos introducidos. As demais persoas deberán pasar ao punto seguinte.

Por outro lado, na pestana «MÉRITOS NON INCLUÍDOS EN SUXI», poderán engadirse aqueles méritos que non estean dispoñibles no SUXI, seleccionando do desligábel o tipo e subindo o documento acreditativo.




Para engadir un mérito débese seleccionar o mérito no despregábel e, unha vez descrito o mérito, pinchar en «ENGADIR MÉRITO».



Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 813599
Fax 986 813 919
www.uvigo.es
seccion.rrhh.investigacion@uvigo.es

Na seguinte lapela poderase subir a documentación acreditativa necesaria de cada mérito pinchando no clip e seleccionando o ficheiro requirido para despois subilo. Só cando o clip apareza en verde estará subida a documentación acreditativa.




Non esquezas finalizar a edición da lapela

Na lapela «DOCUMENTACIÓN ADXUNTA», poderase engadir calquera documentación complementaria que se desexe achegar coa solicitude. **Non se poden engadir méritos nesta lapela**.




Na lapela «XESTIÓN ADMINISTRATIVA» pódese comprobar as lapelas que teñen a edición finalizada e voltar a abrilas no caso de que se desexe realizar algunha modificación.



UniversidadeVigo

Servizo de Apoio
á Investigación
e Desenvolvemento

Sección de Recursos Humanos de I+D

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813599
Fax 986 813 919

www.uvigo.es
seccion.rrhh.investigacion@uvigo.es

A opción do menú superior «presentar» só aparecerá en verde unha vez estea finalizada a edición de todas as lapelas necesarias.




Unha vez rematado o procedemento, o formulario de solicitude resultante, única e exclusivamente, debe ser presentado a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo https://sede.uvigo.gal/ mediante unha instancia xenérica SXER, sen prexuízo de que tamén poida presentarse nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas. **Este paso é imprescindible para considerar presentada unha solicitude.**

O resgardo tamén se poderá descargar pinchando no botón «VER SOLICITUDE PRESENTADA»




e na lapela «DOCUMENTACIÓN ADXUNTA».




O estado da solicitude pode ser consultado a través do menú da esquerda pinchando en «VISUALIZAR SOLICITUDES».